

Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

Resolución do 27 de setembro de 2024 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso por oposición libre, escala básica, categoría de policía, convocado pola orde do 31 de maio de 2024, pola que se publican as listaxes de cualificacións provisionais do primeiro e segundo exercicio.

Transcorrido o prazo de alegacións as preguntas do cuestionario realizado o día 21 de setembro, e analizadas as mesmas, este validamente reunido o día 25 de setembro de 2024, ACORDOU:

- Na cuestión 71, cambiar a resposta correcta da opción A publicada na plantilla á opción D.
- Desestimar todas as demais alegacións presentadas.

Na sesión que tivo lugar o día 27 de setembro de 2024, na cal este Tribunal, procedeu a á apertura dos sobres coas follas de respostas correctas e a súa corrección automática, sen incidencias, e a vista do resultados obtidos, ACORDASE:

- Aprobar como Anexo I a esta Resolución, a listaxe das persoas aspirantes que realizaron o primeiro exercicio coas cualificacións obtidas no mesmo, por orde decrecente de puntuación.
- Aprobar como Anexo II a esta Resolución, a listaxe de persoas aspirantes que realizaron e superaron o segundo exercicio deste proceso (coñecementos da lingua galega)
- Remitir ao servizo de Coordinación, Planificación e Selección da Academia Galega de Seguridade Pública, esta resolución e os seus anexos para a publicación na páxina web dese Organismo.

As persoas que non figuren nas listaxes publicadas, por non presentarse a realización dos exercicios, quedan excluídas automaticamente deste proceso.

Concedese un prazo de cinco (5) días hábiles a efectos de alegacións as cualificacións publicadas nas listaxes – anexos a esta resolución (do 30 de setembro ao 4 de outubro de 2024, ambos incluídos)



Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

As alegacións presentaranse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia, sede.xunta.gal. No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a dita sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas facer trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo a Carpeta do cidadán da persoa interesada.

No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera por calquera outro medio accedendo á sede electrónica da Xunta de Galicia (sede.xunta.gal) e presentando o modelo PR004A, que se dirixirá á Academia Galega de Seguridade Pública.

Non obstante, cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común (Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

No caso de presentarse a alegación por calquera medio diferente da sede electrónica da Xunta de Galicia, deberá remitirse unha copia da alegación presentada e do xustificante da súa presentación ao enderezo electrónico seleccion.agasp@xunta.gal, antes das 23:59 do 4 de outubro de 2024.

Cando as alegacións se refiran a desconformidades coa cualificación outorgada deberase indicar claramente as preguntas concretas que a persoa interesada considera que fallou ou non contestou para poder comprobar a procedencia ou non da alegación.

A Estrada, asinado dixitalmente

A presidenta do Tribunal

María Rey Rivera

